



EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO (ED.)

Lendas galegas de tradición oral

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2005, 208 páxinas

P. V. P. 12,50 € IVE incluído

ISBN 84-8288-917-6



9 788482 889177

A FASCINACIÓN DAS LENDAS

Unha das canles de expresión da cultura popular son as lendas transmitidas oralmente de xeración en xeración. O engado das historias contadas á luz da lareira consévese malia o paso do tempo e a mudanza das circunstancias na que estas historias milenarias naceron. ***Lendas galegas de tradición oral*** recolle unha selección ampla e representativa que estivo ó coidado dun dos meirandes especialistas galegos, o antropólogo Xosé Manuel González Reboredo, nunha nova edición publicada na serie **Antoloxías**, dentro da colección Literaria. A serie Antoloxías presenta a lectores e lectoras os distintos períodos da historia de literatura galega, as diferentes tendencias e xéneros, a través dos propios textos seleccionados e comentados por prestixiosos especialistas e críticos literarios.

Organizada por bloques temáticos, esta antoloxía é unha excelente ferramenta para coñecer e gozar das lendas galegas de mouros e mouras, das historias de tesouros e riquezas ocultas e dos contos de serpes. A través das páxinas deste libro pódese coñecer o **misterio** das cidades asolagadas, a orixe dos santuarios ou sentir o arrepío dos relatos de lobos e lobishomes. Multitude de historias que inspiraron a os nosos escritores e que fascinan os lectores e as lectoras de hoxe como o fixeron cos devanceiros.

XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO (Lugo, 1946) desenvolve a súa actividade investigadora nos eidos da etnografía e antropoloxía cultural. Discípulo de Fermín Bouza-Brey, está vencellado ao Museo do Pobo Galego e á sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega. Foi o coordinador da obra *Galicia Antropoloxía* (1997) e autor da *Guía de festas populares de Galicia* e da biografía *Vida e obra de Xaquín Lorenzo* (2004).

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es